

Guest article

Oxford & Cambridge: viaxe a un poema de mil anos

Claudio Rodríguez Fer
Universidade de Santiago
de Compostela

‘Nada é real se non o escribo’, anotou Virginia Woolf. O prestixio mundial das Universidades de Oxford e de Cambridge motivou que, dende a adolescencia e como tantos estudantes do mundo, as concibise non só como referentes académicos, senón sobre todo como suxestivos espazos de vida e de convivencia. Supoñer que había cidades consagradas ao saber e ao crear facía posible imaxinar unha utopía guiada pola paixón do saber crear e do crear saber. Por iso sempre me atraeron as obras literarias e cinematográficas alí desenvoltas e por iso tamén sempre quixen visitar os seus campus persoalmente, o que xa adulto fixen na compañía de Carmen Blanco e da nosa filla (quen ademais pasou un verán adolescente en Oxford estudando inglés). Inversa e paradoxalmente, os máis ou menos mil anos de actividade universitaria que poden revivirse alí conformáronse nun poema que precedeu a este escrito como se dunha viaxe á cifra do saber e do crear se tratase.

Oxford conta coa universidade máis antiga de Inglaterra, pois o ensino se remonta en tal cidade aos primeiros anos mil. A que é a universidade anglófona máis antiga do mundo tivo, pois, un nacemento alto medieval e, trala sucesiva formación dos seus *Colleges* e *Halls* durante as Idades Media, Moderna e Contemporánea, chegou a constituírse na universidade colexiada de máis de corenta centros autónomos e federados tal como a puidemos coñecer.

Mais nin a interesante historia nin a complexa organización académica da Universidade de Oxford atraeron a nosa atención tanto como o seu desenvolvemento urbano, arquitectónico e artístico, pois o tópico de ser ‘a cidade das agullas soñadas’, acuñado polo escritor decimonónico, alí residente, Matthew Arnold, ten moito de certo: non outra é a sensación que se ten ao contemplar dende a foresta as torres, os pináculos e as cúpulas de igrexas e de capelas, do teatro e da biblioteca e, por suposto, dos propios *Colleges*, que parecen substanciarse en macizos templos de cultura e sólidos conventos de ensinanza.

Isto enlaza coas numerosas e curiosas repercusións literarias e cinematográficas desta cidade esencialmente universitaria, que tanto estimulou a fantasía dos admirables escritores Lewis Carroll, J. R. R. Tolkien e C. S. Lewis. De feito, trala mención de Chaucer nos medievais *Contos de Canterbury*, a vida escolar en Oxford, que é Christminster na novelística de Thomas Hardy e que é Jordan College na de Philip Pullman, aparece en novelas de Max Beerbohm, Dorothy L. Sayers ou Evelyn Waugh, así como nas investigacións do Inspector Morse creado por Colin Dexter e nas aventuras de Harry Potter narradas por J. K. Rowling. Moitas das novelas aludidas foron adaptadas ao cine, á televisión ou a ambos medios, como *Retorno a Brideshead*, de Evelyn Waugh.

Entre os numerosos filmes sobre Oxford, cativoume en especial *Terras de penumbra*, de Richard Attenborough. Nel trátase das imprevistas relacións amorosas entre o tradicionalista escritor e ríxido profesor anglo-irlandés C. S. Lewis (encarnado por Anthony Hopkins), quen moraba co seu irmán W. H. Lewis, e a desinhibida poetisa norteamericana, comunista e separada, Joy Gresham (encarnada por Debra Winger), que irrompe na súas tranquilas vidas acompañada polo seu fillo Douglas. Este último acabaría por dar, en *Terras coresmais*, o seu testemuño de tan conmovedora historia, relatada tamén, polo propio autor de *Os catro amores*, en *Unha pena en observación*. Tal relación sería adaptada logo ao teatro, á televisión e ao cinema. O filme *Terras de penumbra*, cuxo rigoroso vestiario orixinal puiden ver exposto en Londres nos anos noventa, recrea con profundo acerto a meditación intelectual e a natureza sentimental, inherentes ao ser humano, no ambiente tenso e no escenario medievalizante da Universidade de Oxford.

O centro oficial de Oxford é a Torre Carfax, cuxo nome deriva do francés *carrefour* e cuxo reloxo sinala a hora cara á central Rúa High. Agora ben, o epicentro do meu primeiro Oxford foi a Biblioteca Bodleiana, principal biblioteca de investigación da cidade e mesmo de Inglaterra trala Biblioteca Británica, así como unha das máis antigas e importantes bibliotecas de Europa. Debe o seu nome a Thomas Bodley (estudante en Magdalen College e *Fellow* en Merton College). Inaugurouse en 1602, mais o incremento de libros motivou que se habilitasen novos espazos no século xx, primeiro baixo a Cámara Radcliffe e a Praza Radcliffe, e logo no edificio Nova Bodleiana, comunicado co vello por un túnel, así como noutras diversas instalacións. En consecuencia, aparece en moitos libros e filmes e a ela remite a propia fantasía de Tolkien, cuxos manuscritos se custodian nela.

A súa Torre das Cinco Ordes está ornamentada, en sentido ascendente, con columnas dos estilos arquitectónicos clásicos: dórico, toscano, xónico, corintio e composto. A dezaoitescas Cámara Radcliffe, de estilo paladiano inglés, leva o nome do seu mecenas John Radcliffe, cuxa Biblioteca Científica albergou nun principio, e foi executada polo arquitecto James Gibbs. A súa planta circular, como a do veciño Teatro Sheldonian, permite fermosas perspectivas de día e de noite cos edificios do contorno (Bodleian, All Souls, Brasenose, Igrexa de Santa María). Mais a Biblioteca Bodleiana pode fascinar en moi diversas dependencias, como é o caso do libro escrito e aberto que se encontra no limiar dunha das súas portas.

O poeta galego José Ángel Valente investigou na Biblioteca Bodleiana as relacións literarias hispano-inglesas no século xvii e leu e traduciu ao poeta decimonónico, aínda que non editado ata o século xx, Gerard Manley Hopkins, cantor das torres de Oxford. A crónica 'Oxford, 1956', que remite a Auden e a Spender, presenta as impresións de Valente sobre a sociedade

oxoniense, mais tamén revela o determinante que foi para a súa formación e para a súa produción a inmersión en tal universidade.

Outra atracción oxoniense para Valente, como logo para min, foi a Librería Blackwell's, fundada en 1879 por Basil Blackwell (como Bodley vinculado ao Merton College). A súa interesante historia libreira e editora éo tamén de boa parte da cultura en Inglaterra e a súa enorme exposición de libros resulta unha experiencia única para quen ame a variedade impresa e a paisaxe encadernada, dimensións xa complementadas noutros locais coas artes da estampa e do audiovisual. Consecuentemente, Blackwell's inspirou obras pictóricas e literarias, e foi das primeiras librerías europeas con baños e cafetería de uso público. Preto, vivos e vividos libros de entrapanos resultan tamén ser as vellas casas de madeira conservadas nas rúas Cornmarket e Ship, polas que se pasa como pasando páxinas do pasado.

Oxford é como un escenario teatral cuxa tradición cerimonial continúa materializada no seu histórico e especular Teatro Sheldonian (nome debido ao seu promotor Gilbert Sheldon), que foi fundado no século XVII con destino a actividades culturais e académicas. Ideal para a música barroca, nel estreou Händel e actúa tradicionalmente o Oxford Bach Choir. O edificio, deseñado con estilo manierista polo arquitecto e científico francmasón Christopher Wren (formado no Wadham College), parece estar inspirado polo teatro romano e conta cunha cúpula provista dunha prominente lanterna. A entrada do Teatro Sheldonian está franqueada por columnas rematadas con grandes cabezas de pedra, cuxo cabeludo e barbado aspecto acaba por facerse familiar ao transeúnte.

Sempre me resultou fascinante que se manteñan, aínda no século XXI, tres importantes *Colleges* fundados no século XIII: University, Balliol e Merton. Este último conserva o patio máis antigo da cidade e dá nome á rúa Merton, onde moramos nunha das nosas estancias en Oxford, xusto fronte á fermosa fachada do reloxo do University College. Por certo, o Eastgate Hotel que nos acolleu tiña un salón revestido con papel de libros pintados e decorado con motivos de *Alicia no País das Marabillas*, para compracencia da aliciófila Carmen Blanco, autora do híbrido texto 'Alicia en Galicia'. Calquera destes tres *Colleges*, dotados de retirados espazos, parece invitar á lectura acougada e proveitosa de densas obras escritas nesta cidade, como *A alegoría do amor: Un estudo da tradición medieval*, primeiro ensaio de Lewis.

O University College posúe un Memorial consagrado a Shelley, que conta cunha estatua do poeta feita por Edgard Onslow Ford, pois o rebelde romántico fora alumno do centro e, paradoxalmente, expulsado do mesmo pola súa defensa do ateísmo. Mais o despropósito mantense, pois habitualmente non se permite ver ao visitante espontáneo o monumento de desagravio. Ademais, o máis vello *College* en activo foi frecuentado polo polifacético Samuel Johnson e nel estudaron numerosos políticos e celebridades, entre as que se encontran escritores como C. S. Lewis, Stephen Spender e V. S. Naipaul ou científicos como Stephen Hawking.

Tal tradición ten tamén o Balliol College, por onde pasaron escritores tan inconformistas como Swinburne, Huxley e Greene e personalidades tan variadas como o reformador medieval John Wickliffe, o economista Adam Smith e o historiador Arnold J. Toynbee. Foi cantado polo poeta Hopkins alí residente e posúe unha encantadora gárgola lectora na súa biblioteca. Wickliffe pertenceu tamén ao Merton College, como os literatos Walter Scott, T. S. Eliot e J. R. R. Tolkien, ademais de ensaístas como Theodor W. Adorno ou Northrop Frye, sen esquecer ao cantante norteamericano Kris Kristofferson.

Tamén medieval, pero do século XIV, foi a creación do Exeter College (inicialmente para alumnos de Cornualles e Devon), do Oriel College (onde xurdiu o vaticanista Movemento de Oxford), do Queen's College (dotado dunha das maiores e principais bibliotecas universitarias) e do aínda chamado New College (oficialmente New College of St Mary).

Dende o século XX, o Exeter College dispuxo dunha Cátedra Alfonso XIII de Estudos Hispánicos que tivo como primeiros ocupantes ao intelectual galego Salvador de Madariaga e ao hispanista británico William J. Entwistle. Nela foron lectores numerosos escritores españois vinculados a Galicia, como Dámaso Alonso ou como o galego Valente, neste caso por mediación de Gordon Chapman (entón *Fellow* do Queen's College). Durante a súa estancia, Valente tivo como titular da Cátedra de Estudos Hispánicos ao historiador, hispanista e lusitanista Peter Russell, antigo alumno do Exeter College e espía militar durante a Guerra Civil Española e a Segunda Guerra Mundial. Este lonxevo personaxe inspiraría a novelística de Javier Marías, tamén lector nesta Cátedra. A Peter Russell sucederíao no posto o medievalista Ian Michael (autor de novelas policiais co pseudónimo David Serafín) e a este Edwin Williamson, biógrafo de Borges (que foi feito doutor *Honoris Causa* pola Universidade de Oxford en 1971).

As clases da Cátedra de Estudos Hispánicos teñen lugar tradicionalmente na vetusta *Institutio Tayloriana*, onde tamén se atopa a *Taylor Institution Library*, biblioteca dedicada ás linguas e literaturas modernas. En tal lugar foi onde falei eu sobre Borges no ano 2009, feliz de facelo na mesma tribuna que ocupara nos anos cincuenta o meu amigo Valente, poeta que obtivera durante a súa estancia en Oxford o diploma de *Master of Arts*. Dous veteranos estudosos de Borges, o escocés Edwin Williamson e o irlandés Bill Richardson, que asistiron ao acto, demostraron coas súas intervencións e preguntas ata que punto persiste o interese polo saber que tradicionalmente se asocia a Oxford, o que por certo raramente é perceptible en moitos outros ambientes universitarios, diluído como está nas obrigas académicas e nos xogos de intereses.

Moi xentilmente, Edwin Williamson convidounos, como director da Cátedra de Estudos Hispánicos, á solemne cea do Exeter College, antes da cal nos mostrou a maxestosa capela neogótica do centro, que conta con grandes vidreiras, cun macizo coro, cun potente órgano e cun tapiz pre-rafaelita de William Morris feito a partir dunha obra de Edward Burne-Jones. Na súa antesala figura unha pequena cabeza de Tolkien, antigo residente do College, en cuxa entrada aínda se conserva a medieval Torre Palmer.

A cea transcorreu no enorme comedor cos profesores ataviados coa toga, presididos na chamada *High Table* polo propio Williamson, quen pronunciou a tradicional bendición en latín, xa despoxada de referencias relixiosas, tras bater cun gran mazo sobre unha bigornia de madeira para establecer o silencio absoluto. A xerarquía ponse en evidencia fisicamente, pois o alumnado cea nun estrato inferior, de moito maior tamaño, e gastro-nomicamente, pois os estudantes non comparten o requintado menú dos convidados, que figura impreso nun díptico. Así, o contexto da agradable e cultural conversa desta cea constituíuse na experiencia temporalmente exótica, para quen se desenvolve lonxe destes rituais inexistentes nos nosos medios universitarios, da inmersión en tan vetustas tradicións, propias dun mundo tardomedieval de novela ou de película de época. Ademais, o aco-lledor hispanista Tyler Fisher, residente no centro, explicounos a para nós curiosa vida colexial e os servizos dos que dispón o alumnado.

O Queen's College presenta unha imponente fachada de corte clásico e posúe unha notable capela, que á súa vez conta cun famoso coro e cun excelente órgano Frobenius. Ademais, este gran centro, de tradición conservadora, tivo nas súas aulas ao teólogo John Wycliffe, ao astrónomo Edmond Halley e ao pensador Jeremy Bentham.

Neste *College* creouse en 1991 o primeiro Centro de Estudos Galegos do Reino Unido, dirixido durante lustros polo hispanista e galicianista John Rutherford. Visitamos en 2009 o local do Centro guiados pola profesora e investigadora María Liñeira, quen me presentara en Oxford exercendo de eficaz mestra de cerimoniais, e pola profesora e tradutora Laura Sáez, que sucedera á anterior como lectora de Galego neste *College*.

O New College foi pioneiro na estruturación xeral dos *Colleges* a partir dun patio principal dotado de salas de estudo e complementado con cuartos para estudantes, comedor e biblioteca. Posúe grandes xardíns e notables edificacións en torno á antiga muralla (claustro, capela, campanario), así como un célebre coro e un par de misteriosos cornos de unicornio que resultaron ser caninos de narval. Compartín alí gusto polas súas gárgolas extravagantes e polo seu pontigo cuberto sobre a vía pública, así como o moi agradable paseo polo contiguo New College Lane, onde se encontra a antiga vivenda e o antigo observatorio do astrónomo Halley.

Neste New College ensinou o historiador e hispanista Raymond Carr e foi acollido, durante a guerra civil española, Alberto Jiménez Fraud, que fundara en Madrid a histórica Residencia de Estudiantes. Este institucionista permaneceu en tal *College* ata a súa xubilación, dando exemplo de dignidade aos transterrados máis novos, como foi o caso do poeta Luis Cernuda, que o visitou nos anos corenta, e do seu serodio discípulo Valente, que o tratou alí nos anos cincuenta. Non por casualidade, Jiménez Fraud presentoulle a Valente ao historiador exiliado Américo Castro, cuxa visión de España integraba aos xudeus e musulmáns.

Aínda medieval, mais do século xv, resultou o nacemento do Lincoln College (que inspirou novelas de espías do seu antigo estudante John Le Carré), do All Souls College (cuxo suxestivo nome motivou o título da novela *Todas as almas* do reiterado ficcionista de Oxford Javier Marías) e do Magdalen College (que dispón de amplos espazos naturais preto da ponte Magdalen).

Diante do maxestoso All Souls College pasamos e paseamos moi habitualmente, pois sitúase entre High Street e a Praza Radcliffe, quizais a rúa e a praza, respectivamente, que máis frecuentamos en Oxford. Nel foi *Fellow* o arquitecto Christopher Wren, cuxa pegada no centro se aprecia no magnífico reloxo da fachada. Entre os membros do All Souls College, que teñen a particularidade de converterse automaticamente en profesores e directivos tras acceder ao centro, encóntrase o aventureiro galés Lawrence de Arabia, o mitólogo alemán Max Müller, o hispanista inglés Raymond Carr e o filósofo polaco Leszek Kolakowski.

No Magdalen College estudaron alumnos tan interesantes e diversos como Thomas Hobbes, Oscar Wilde, Lawrence de Arabia, Vinícius de Moraes, Desmond Morris ou Julian Barnes, e tivo como profesores ao narrador C. S. Lewis e ao poeta Seamus Heaney. Trátase dun dos *Colleges* máis admirados e visitados e a súa gran Torre Magdalen é unha das máis emblemáticas da cidade, pois ademais o famoso coro do centro canta dende ela a Mañá de Maio nunha célebre e madrugadora cerimonia matutina. Os vellos corredores con vistas ao patio e as desgastadas escaleiras de pedra invitan a transportarse a mundos moi alongados no tempo.

Ubicado á beira do río Cherwell, o Magdalen College posúe célebres praderías, como o Grove, coñecido como Parque dos Cervos, e o extenso paseo triangular rodeado por Addison's Walk, a primeira delas habitada polos cérvidos que lle dan nome e a segunda ás veces asolagada no inverno. Trátase dun dos recintos máis tranquilos e relaxantes que pode atoparse nun campus universitario e, en tan delicioso *locus amoenus*, perdémonos felizmente nun verán dos anos noventa. Cruzando as súas pontes de madeira parecía inevitable introducirse nas fantasías, de tantas reminiscencias célticas, aínda que producidas en Oxford, da Terra Media imaxinada por Tolkien ou da Narnia concibida por Lewis, autores ambos que tanto conversaron nesta cidade durante as respectivas xestacións das súas magnas obras.

No século xvi formáronse o Brasenose College (onde estudaron os novelistas Pater, Buchan e Golding), o Corpus Christi College (onde deu clase o humanista español Luis Vives e onde estudou o filósofo Isaiah Berlin, quen por certo percorreu moitos outros centros ao longo da súa carreira, dende o inicial All Souls ao por el fundado Wolfson College), o Jesus College (especializado no celtismo, aínda que por el pasase tamén o orientalista Lawrence de Arabia), o Trinity College (que ocupa o lugar do antigo Durham College) e o St John's College (onde residiron o inventor Jethro Tull, o escritor Robert Graves e o poeta Philip Larkin).

A importante colección celta do Jesus College, dende antigo moi conectado a Gales e mesmo a Irlanda, inclúe o *Libro Vermello de Hergest* (unha das dúas principais fontes manuscritas dos *Mabinogion*, pois a outra se atopa no mesmo Gales) e unha copia das leis do rei galés Hywel Dda (hai outras en Gales e en Cambridge). Malia non ser afeccionado á heráldica e a non fixarme demasiado no escudo oficial de cada *College*, fascináronme os tres cervos brancos sobre campo verde do brasón do Jesus College, evocador de belas cervas percorrendo as forestas galesas.

Xa do século xvii é o Wadham College, de imponentes factura, patio central e longo *ball*. Caracterizado polo seu progresismo contemporáneo, foi o primeiro centro histórico que admitiu mulleres, que combateu activamente o racismo e que reivindicou os dereitos dos homosexuais. Nel estudou o director de cine e teatro Lindsay Anderson e ensinou o teórico da literatura Terry Eagleton.

Persoalmente, a min interesoume visitar o Wadham College porque nel se integrara, entre 1955 e 1958, o entón lector Valente, quen lembrou sempre ao daquela *Warden* do centro, Maurice Bowra, estudoso da poesía simbolista, entre outros moitos aspectos da literatura universal. Tampouco o Wadham College esqueceu o polifacético Bowra, pois a súa figura está esculpida nun curioso busto-cadeira nos seus xardíns, cuxos recantos vexetais e cuxo ginkgo biloba, o fósil vivente considerado como árbore da vida, tanto gustaron a Carmen Blanco.

A partir da extensa documentación da estancia de Valente en Oxford, custodiada na Cátedra que leva o seu nome e que dirixo na Universidade de Santiago de Compostela, puideron editar a exhaustiva investigación ao respecto acometida por Manuel Fernández Rodríguez, coa aportación operativa da súa compañeira Elena Freire dende o Queen's College. Para isto foi de grande axuda a colaboración testemuñal do hispanista inglés Nigel Glendinning, antigo colega de Valente en Oxford, que ademais foi alumno e profesor en Cambridge. En Oxford coñeceu tamén Valente o hebraísta xudeu Samuel Miklos Stern, intercultural lingüísta húngaro nacionalizado israelí e británico, quen descubriu as *jarchas* mozárabes.

Da mesma época que o Wadham son o Worcester College, do que foi alumno Thomas de Quincey, e, moi próximos entre si, o Pembroke College, onde ensinou Tolkien, e o Christ Church College, que contou co filósofo John Locke e con escritores como Lewis Carroll, John Ruskin e W. H. Auden. Por certo, John Ruskin deu nome á actual Escola Ruskin de Debuxo e Belas Artes, derivación da escola fundada por dito teórico e crítico de arte no século XIX. A miña filla gustou moito dos non sempre percibidos ferros forxados en forma de dragón que se encontran ao pé da agradable fachada do seu actual edificio en The High. Nesta Escola estudou o escritor norteamericano John Updike.

O enorme e aristocrático Christ Church College, de extensos xardíns e grandes edificios, que inclúen o gran patio cuadrangular e a propia catedral anglicana da diocese de Oxford, foi escenario de *Alicia no País das Marabillas* de Lewis Carroll e acolleu en celuloide a Harry Potter, pero tamén foi escenario da novelística oxoniense de Evelyn Waugh e da adaptación cinematográfica de Philip Pullman. En galego, a súa visitante Luz Pozo Garza situou 'diante dos nobres muros sinalados con líquenes' o seu fermoso poema 'Baixo da chuvia en Oxford'. Malia o prestixio da grandiosa fachada do Christ Church College, provista dunha porta-torre deseñada por Christopher Wren, e do seu coro catedralicio, Carmen Blanco quedou prendida das siluetas laterais, a nosa filla das vacas pastando nos prados anexos e eu da gran planta rubideira vermella incrustada entre as fiestras en forma de cruz pagá.

Moi preto deste *College*, tan unido á vida e a obra do xenial Lewis Carroll, atópase a curiosa tenda Alice's Shop, tamén denominada The Old Sheep Shop, pois tanto a nena Alicia como a vella ovella reciben ante a porta ao visitante, apremado pola silueta do sempre acelerado coello. Por suposto, tal establecemento está especializado en publicacións e obxectos relacionados con *Alicia no País das Marabillas*, ata o punto de parecer el mesmo un lugar de tan onírico mundo. Frecuentado pola nosa filla e atractivo para a súa nai, ambas atoparon alí estampas e libros de interese, por un tempo convertidas para min en fascinantes e fascinadas personaxes carrolianas elas mesmas.

Mais os *Colleges* continuaron proliferando na época contemporánea, como é o caso do Hertford College, do século XVIII, por cuxo antecedente de orixe medieval, Hart Hall, do século XIII, pasaran intelectuais como Donne, Hobbes e Swift, e no que se formou o novelista Waugh, quen parece recrealo na novela *Retorno a Brideshead*. É recoñecido pola súa sensibilidade de clase (foi dos primeiros en aceptar estudantes de colexios públicos) e de xénero (foi dos primeiros en aceptar alumnas). A súa rica biblioteca posúe unha edición orixinal do *Leviatán* de Hobbes, regalada expresamente polo autor ao *College* onde a concibiu. Ademais, a nós encantounos a súa fermosa escaleira espiral, de visión externa no acolledor Patio Vello, cuxa fachada do século XVI recobre completamente unha impresionante edra verde que parece prolongarse no céspede.

O Patio Vello comunícase co Patio Novo a través da evocadora Ponte dos Saloucos, chamada así pola súa suposta similitude coa homónima de Venecia. Esta fermosa ponte cuberta foi rematada en 1914 polo arquitecto decimonónico Thomas Jackson (formado no Wadham College), quen tanto edificou en Oxford, incluíndo a devandita escaleira de caracol. Preside un encantador recanto en New College Lane, moi preto doutros céntricos *Colleges* (New, Alls Souls, Queen's), da Biblioteca Bodleiana e do Teatro Sheldonian, lugares todos por onde moito temos andado. O Hertford

College ampliou as súas instalacións noutros lugares de Oxford, algunhas preto da chamada Ponte da Loucura, pero eu preferín sempre os contornos de The High, vía central onde se atopa a maioría dos meus *Colleges* de referencia (Hertford, All Souls, University, Queen's, Magdalen).

Xa de nacemento decimonónico son o Harris Manchester College, o Keble College e o St. Benet's Hall, e a eles cómpre agregar os fundados no século xx, como o cosmopolita St Anthony's College, que foi dirixido por Raymond Carr e que está dotado dunha multicultural rede de centros e bibliotecas. Do mesmo século é a institución caritativa Rhodes Trust, que leva o nome do seu inspirador, Cecil Rhodes, fundador da colonia de Rhodesia, e que ten sede na Rhodes House, onde ensinou física Albert Einstein.

Ademais, no século xix comezaron a funcionar *Colleges* femininos, como Somerville College e St Anne's College (no primeiro estudou e no segundo ensinou a escritora Iris Murdoch), así como o St Hugh's College (onde se formou a sufragista inglesa Emily Davison) e o St Hilda's College (onde estudou a feminista norteamericana Kate Millett). A este último pertence o Jacqueline Du Pré Music Building, chamado así en homenaxe á prodixiosa violonchelista oxoniense que inspirou o libro *Un xenio na familia*, escrito polos seus irmáns, e o filme *Hilary e Jackie*. Mais en relación coa música cómpre tamén mencionar a Bate Collection of Musical Instruments, que reúne unha extensa colección de instrumentos musicais na Facultade de Música situada na rúa St. Aldate.

Visitar todos os relaxantes espazos dos *Colleges* mencionados ou pasear polas súas inmediacións é un estímulo para a evocación e a imaxinación, pero tamén para a reflexión sobre o paso do tempo, como ocorre así mesmo cos restos das súas antigas murallas. Oxford mostra o seu lento *tempus fugit* dende a ocupación saxoa ata o industrialismo actual, pasando pola súa notable catedral, de estilos románico e gótico, e pola Igrexa Universitaria de Santa María, de estilo gótico inglés e dotada de sensuais columnas salomónicas. Mais Carmen Blanco apreciou e fíxome apreciar a arte gótica oxoniense en fiestras oxivais e noutros pequenos detalles destas erosionadas pedras.

Oxford, situado no fluvial Val do Támesis, ofrece unha humidade e unha verdecencia moi do meu gusto, polo que os seus xardíns e mesmo os seus antigos cemiterios axardinados en plena cidade, como o de St. Giles, me resultaron sempre moi agradables. Mais entre os espazos verdes da urbe salienta sobre todos o histórico Xardín Botánico, fundado no século xvii para cultivar plantas medicinais. Trátase do xardín científico máis antigo de Gran Bretaña e un dos máis antigos e exhaustivos do mundo, pois posúe máis de oito mil especies e numerosos invernadoiros especializados. Este maravilloso e enorme parque, cuxa árbore máis vella é un venerable teixo centenario, ten xa extensións externas e foi frecuentado por escritores como Carroll, Tolkien, Waugh e Pullman, todos os cales se inspiraron nel para as súas obras.

Tamén me interesaron moito os museos de Oxford, sobre todo o Ashmolean, o primeiro universitario que houbo no mundo, pero son igualmente universitarios, e moi valiosos, o Museo de Historia da Ciencia, que conta con máis de 15.000 artefactos e que exhibe un encerado usado por Albert Einstein, así como dous conexas e comunicados entre si: o Museo Universitario de Historia Natural e o Museo Pitt Rivers. Tamén resultan interesantes as exposicións experimentais da pequena galería Modern Art Oxford, instalada nun acolledor edificio de estilo fabril do que me atraeron

as súas frías e metalizadas escaleiras azuis, na primeira ocasión que a visitei, a comezos dos anos noventa.

O Ashmolean Museum, partindo da doazón orixinal de Elias Ashmole, sumou un importante depósito arqueolóxico e artístico, que inclúe auténticas marabillas e insólitas curiosidades: unha magnífica exiptoloxía; o legado minoico de Arthur Evans, descubridor de Knossos; a antiga táboa cronolóxica da Illa de Paros; pinturas de Uccello, Tiziano, Rubens, Rembrandt, Tiepolo, Constable, Renoir, Manet, Picasso e dos prerrafaelitas; debuxos de Leonardo, Miguel Anxo e Rafael; acuarelas de Turner; a máscara funeraria de Cromwell; o violín Stradivarius O Mesías feito por Antonio Stradivari e hábitos árabes de Lawrence de Arabia. Lembro que sobre todo Carmen Blanco gustou nel das grandes pedras con vellos entrelazos e vermellas runas xermánicas.

O Museo Universitario de Historia Natural contén grandes esqueletos de dinosauros e os máis completos restos existentes do tamén extinto dodo, aparte dunha colorista colección de bolboretas e doutros animais, desecados só tralos seus falecementos naturais, dos que lembro especialmente un oso formigueiro. Á miña filla interesoulle moito tal museo a primeira vez que foi a Oxford cos pais nos anos noventa, sobre todo polas súas coleccións zoolóxicas e polos ósos do *tyrannosaurus rex* e do triceratops. Sempre feliz por visitalo, volveu soa cando estudou en Oxford e de novo cos pais xa nos anos dous mil.

Neste libre e encantador museo, que parece custodiado por esculturas de científicos, cada columna do edificio está realizada, didacticamente, cun material diferente, dende os granitos e os cuarzos de Cornualles e de Escocia á marabillosa capricalcita serpentina da irlandesa Conemara. Entre as columnas, Isaac Newton, con quen se retratou a Carmen Blanco, e Charles Darwin, con quen me retrataron a min, en ambos casos e sucesivamente no século XX e no século XXI, soportan inalterables os arcos da ciencia da natureza, cuxa mineraloxía e cuxa zooloxía nada teñen que envexar en materia de beleza ás Belas Artes. Ademais, Carmen Blanco apreciou especialmente as seccións dedicadas ao escritor Lewis Carroll en relación coa natureza e eu intereseime polas exposicións darwinianas.

O contiguo Museo Pitt Rivers, consagrado á arqueoloxía, á antropoloxía e á etnografía, debe o seu nome ao antropólogo social Julian Pitt-Rivers e posúe impresionantes tótems e cabezas reducidas, así como innumerables obxectos artesáns no seu extremadamente sobrecargado e máxico espazo. Emocioneime a primeira vez que, ante a súa fermosa colección de instrumentos musicais, vin unha gaita galega practicamente da miña idade, conservada alí entre outros fermosos tipos de gaitas de Europa e de Asia.

Moito repasabamos todo o visto, polas noites, a primeira vez que fomos a Oxford, nun cuarto presidido como un tótem por un tigre sintético que adquiriramos en Londres. Algo, dende logo, menos insólito que o famoso tiburón de Headington, tranquilo barrio periférico e residencial onde por certo moraron un tempo Tolkien e Lewis, cuxas tan imaxinativas mentes nunca concibiron arquitecturas tan sorprendentes como a que hoxe dá fama a este distrito.

Tan peculiar obra consiste nunha enorme escultura en fibra óptica, do artista pacifista John Buckley, consistente no gran peixe predador, a tamaño natural, fincado no tellado do número 2 de New High Street, coñecida dende a súa instalación como Casa Quenlla. Aínda que a obra, de 203 quilos de peso e 7,62 metros de lonxitude, se chama 'Sen título 1986', non é tan absurda como pode parecer, pois foi inaugurada nun aniversario da

explosión da bomba atómica en Nagasaki, feito que debería ser visto como dabondo máis irracional, sorprendente e absurdo.

O pub de Oxford que preferimos foi o tan literario e vetusto The Eagle and Child, onde se reunía, nas décadas centrais do século xx, o grupo de intelectuais coñecido como *Inklings Club* (algo así como Club de Intuicións), ao que pertencían Tolkien e Lewis. Non obstante, Lewis recibía colegas no Magdalen College e os *Inklings* reuníronse tamén no pub Lamb & Flag, de salón vitoriano, así mesmo novelado por Thomas Hardy, preferido por Graham Greene e frecuentado polo literario Inspector Morse. Posteriormente, Humphrey Carpenter biografiou a historia dos *Inklings*, que foran literaturizados por Tolkien co nome de *Notion Club*. Aínda que a miña filla gustou especialmente do céntrico pub, tamén de nome animal, White Horse, situado á beira de Blackwell's.

Agora ben, moitos dos intelectuais oxonienses tiveron vínculos coa Universidade de Cambridge e, de feito, os *Colleges* desta están irmandados cos de Oxford. Cambridge debe o seu nome ao río Cam, á beira do cal naceu na Antigüidade cun carácter estratéxico e militar. A súa universidade, fundada no século XIII, é a segunda máis antiga de Inglaterra, trala de Oxford, coa que conforma o conxunto denominado Oxbridge. Posúe máis de trinta autónomos *Colleges* e *Halls* e ten unha gran tradición deportiva, pois aquí se formalizaron as regras do fútbol no século XIX e aquí se celebran importantes regatas de remo, principalmente en competencia con Oxford.

O centro máis antigo de Cambridge é Peterhouse, do século XIII, seguido de King's Hall, do XIV, hoxe integrado no Trinity College. O veterano Peterhouse conserva un edificio do século XIII, remodelado no século XIX con vidreiras prerrafaelitas de William Morris, Ford Madox Brown e Edward Burne-Jones. Posúe unha histórica capela gótica, que conserva partituras de música sacra dende a época Tudor, onde escoitamos tocar o órgano a unha estudante nunha sesión aparentemente intemporal, como todo o seu ambiente íntimo, logrado nada máis pasar por debaixo dos seus corredores unidos a través de pontes cubertas sobre soportais. Dispón ademais dun chamado Parque dos Cervos. No Peterhouse estudou e ensinou o poeta dezaoitesc Thomas Gray e formouse o físico decimonónico Henry Cavendish, que había ser moi significativo nume da poeta galega Olga Novo, pero no século XX sobresaíron sobre todo os seus historiadores e científicos.

Do século XIV mantéñense activos os *Colleges* Clare, Pembroke, Trinity Hall e Corpus Christi. O Clare College é coñecido polo seu coro, orquestra e actividades musicais (sobre todo no terreo do jazz e da música electrónica) e resultounos moi acolledor. O Pembroke College, que posúe a primeira capela deseñada por Christopher Wren e unha importante biblioteca de torre neogótica, tivo como alumnos os poetas Thomas Gray, no século XVIII, e Ted Hughes, no século XX. E polo Trinity Hall, situado á beira do río Cam, pasaron alumnos de tanta proxección contemporánea como o escritor J. B. Priestley, o teórico da comunicación Marshall McLuhan ou o físico Stephen Hawking. No século XVI fundouse tamén o Pavillón Gonville, xermolo do actual Gonville and Caius College, outro dos centros que acolleu o devandito Hawking e que acolle xenerosamente os visitantes nas súas agradables dependencias.

O Corpus Christi College, que conserva o patio universitario máis antigo de Inglaterra, é popular polas truculentas lendas de fantasmas con el relacionadas. Alí estudaron os escritores Christopher Marlowe, no século

xvi, e Christopher Isherwood, no século xx. Na súa Biblioteca Taylor atópase o chamado *Corpus* ou *Grasshopper Clock*, deseñado polo propio industrial John C. Taylor, antigo alumno do centro, que por certo inventou a teteira automática. Trátase dun curioso reloxo cronófago, con mecanismo do século XVIII, que está presidido por un saltón que vai devorando segundos ao ritmo dos seus brincos. Foi restaurado en 2008 e reinaugurado por Stephen Hawking, e dende logo resultou ser, pola súa enxeñosa técnica e pola súa zoomorfa estética, unha das atraccións cambrixenses que máis entusiasmaron a miña filla.

Moitos son os *Colleges* do século xv: Magdalene, King's, Queens', St Catharine's, Jesus. No tradicionalista Magdalene College estudaron C. S. Lewis, o actor Michael Redgrave e o director cinematográfico Mike Newell, e del foron *Fellows* honorarios os escritores Thomas Hardy, Rudyard Kipling, T. S. Eliot e Seamus Heaney, así como o político surafricano Nelson Mandela. Son característicos os seus edificios de ladrillo a ambos lados da rúa Magdalene, por onde temos realizado agradables paseos, así como as súas comidas iluminadas por velas. As miñas acompañantes adoraron sobre todo os seus floreados e íntimos xardíns á beira do río Cam, onde figura o escudo do centro entre unicornios.

Mais, para min, o feito máis interesante do Magdalene College é o seu vínculo co seu antigo estudante Samuel Pepys, diarista cuxo arquivo se conserva na precisamente chamada Biblioteca Pepysiana deste centro. Esta interesante colección exhibe libros, obxectos e obras de arte de Pepys, incluíndo por suposto o seu famoso diario cifrado, que me encantou contemplar, pois aparte do seu extraordinario valor histórico, ao relatar día a día a vida cotiá da Inglaterra do século XVII, ten o encanto engadido de estar feito coa absoluta liberdade de quen escribe para si mesmo pola importancia que lle concede a cada momento da existencia, por trivial que pareza. A visita á deliciosa Biblioteca Pepysiana, situada nun entrañable edificio porticado fronte á torre do reloxo, permitíume adquirir algunha das súas publicacións. O fermoso escudo do personaxe está composto polo seu nome e unha lenda nun círculo poboado de paxaros e desbordado por un gran faisán.

O King's College, cuxo alumnado procedía nun principio do selecto colexio Eton, segue ostentando o máximo prestixio e os seus edificios adoitán ser o símbolo de Cambridge. Entre os seus alumnos encóntranse o economista John Maynard Keynes, o matemático Alan Turing e os escritores E. M. Forster e Salman Rushdie. Posúe unha célebre capela gótica serodia, caracterizada por ter a bóveda de abanico máis grande do mundo e unha famosísima coral, ademais de contar con vidreiras flamencas e cunha pintura de Rubens. Impresionan as súas fachadas simétricas, unha das cales dá ás verdísimas praderías, pastadas polas vacas, que abrazan o río Cam por unha ponte, baixo a cal parecen pasar sen cesar barcas guiadas por estudantes. A fermosísima bóveda de abanicos abrazados pode ter prolongación no val cos abrazos en abanico propiciados por unha paisaxe propensa a proporcionar estados de felicidade.

O Queens' College está á beira do río Cam e a través da súa íntima Ponte Matemática, deseñada por Newton segundo unha falsa lenda urbana, une a súa parte antiga (O lado escuro) coa nova (O lado claro). Nel estudou nada menos que Erasmo de Rotterdam. Mais todos os *Colleges* contan con alumnos célebres, pois no vermello St Catharine's estudou o novelista Malcolm Lowry e, no aberto Jesus, estudaron o poeta Samuel Taylor Coleridge e o economista Thomas Malthus.

A comezos do século XVI apareceu o aínda prestixioso Christ's College, como derivación da God's House do século anterior. Nel estudarían personalidades da alta cultura como o poeta John Milton e o naturalista Charles Darwin, mais tamén Colin Dexter, creador do Inspector Morse. No mesmo século xurdiron o St John's, o Trinity, o Emmanuel e o Sidney Sussex.

No St. John's College (moi abondoso en persoal, gobernantes e Premios Nobel), estudaron o poeta William Wordsworth, o prosista Samuel Butler e o fotógrafo Cecil Beaton. Tralas súas fermosas e luxosas portas, escudadas entre cans, cervos e unicornios, posúe grandes edificios de pedra e outros de ladrillo, incluíndo unha impresionante torre totalmente cuberta por unha fascinante planta enredadeira vermella. A el pertence a chamada Ponte dos Saloucos, tendida sobre o río Cam e debida ao arquitecto Henry Hutchinson, cuxo nome procede da súa similitude coa homónima ponte de Venecia, pois a súa beleza foi vista sempre como propicia para a expresión do amor.

O Trinity College é o *College* máis grande e aristocrático de todo Oxbridge, así como o que conta con máis Premios Nobel. Tivo como alumnos o polifacético Francis Bacon, o científico Isaac Newton, os poetas Lord Byron e Lord Tennyson, o ensaísta Bertrand Russell, o filósofo Ludwig Wittgenstein e moitos membros do grupo de Bloomsbury (Lytton Strachey, Leonard Woolf, Clive Bell), así como o novelista ruso Vladimir Nabokov. Tamén pertencía ao Trinity o mítico grupo dos espías comunistas da guerra fría coñecido como os Cinco de Cambridge (Anthony Blunt, Kim Philby, Donald Maclean, Guy Burgess e John Cairncross), ao que cómpre agregar o nome doutros colexiais que resultaron ser tamén activistas pro-soviéticos (Michael Greenberg, Michael Whitney Straight).

O feito de que, precedidos por Bacon, un bo número destes colexiais fosen homosexuais (Wittgenstein, Strachey, Blunt, Burgess) relacionou especialmente o Trinity College e mesmo Cambridge, durante o século XX, co mundo *gay*, pois tamén o foran outros estudantes desta universidade, como Erasmo e mesmo como algúns que trataron explicitamente o tema nas súas obras, como é o caso de Forster e de Isherwood (este ademais moi próximo a dous importantes *gays* de formación oxoniense: Auden e Spender).

A luxosa Gran Porta do Trinity College conserva a estatua do fundador, o rei Enrique VIII, e dá paso a numerosos e notables edificios históricos, comezando polos do propio Gran Patio. Á beira da fermosa Torre do Reloxo, anunciada por unha gárgola coa lingua fóra, está a capela, en cuxa antesala se encontran as esculturas de alumnos tan ilustres como os citados Bacon, Newton e Tennyson. Extramuros esténdese a fermoso e acolledora calexa Trinity Lane, franqueada por vistosas chemineas e na que lembro atopar rotulado o lema da resistencia antifascista española 'No pasarán'. Non lonxe presenciámos unha imaxinativa acción de Amnistía Internacional recreando unha prisión sobre o céspede externo do *College*.

O que máis me gustou do Trinity College foi sen dúbida a célebre e emblemática Biblioteca Wren, de moi amplos claustros e debida ao arquitecto que lle dá nome. Nela consérvanse, entre outras xoias culturais, primeiras edicións de Shakespeare, manuscritos de Milton e o orixinal de *Winnie-the-Pooh* por A. A. Milne, así como diversos documentos de Newton e notas manuscritas de Wittgenstein e de Oppenheimer. O fermoso recinto, cheo de librerías e vitrinas de madeira, está custodiado por bustos de mármore e presidido por unha escultura de Lord Byron feita polo artista danés Bertel Thorvalsen. Trátase, sen dúbida, dunha das bibliotecas universitarias

máis interesantes e agradables que visitei na miña vida e sempre lembrarei a felicidade intelectual alí compartida.

No Emmanuel College, que dispón dunha capela deseñada por Christopher Wren e dun curioso estanque de peixes e patos exóticos, estudou o novelista Hugh Walpole e deu clase e escribiu o poeta Luis Cernuda, aquí exiliado. Tras aquel fundouse o puritano Sidney Sussex College, que tivo entre os seus primeiros estudantes a Oliver Cromwell. O corredor cuberto sobre arco de paso público que presenta este contorno ofrece un encanto que aumenta iluminado pola noite, cando os viandantes atopan sensacións de intimidade á luz dos farois.

Existen tamén *Colleges* decimonónicos (Downing, Selwyn) e, ademais, como en Oxford, os primeiros *Colleges* para mulleres naceron no século XIX (Hughes Hall, Girton, Newnham), aínda que as estudantes non lograron plena pertenza á universidade ata 1947, vinte anos despois que en Oxford. Eu coñecín tres sendo só para mulleres: Lucy Cavendish College, New Hall e Newnham College. O último *College* exclusivamente masculino foi o Magdalene, mixto tan só dende os anos oitenta. O pioneiro Hughes Hall debe o seu actual nome á súa fundadora, Elizabeth Phillips Hughes, e unha das primeiras alumnas do centro, Molly Thomas, de casada M. V. Hughes, deu testemuño da súa primeira clase na intrahistórica obra *Unha moza de Londres da década de 1880*.

O Girton College, primeiro *College* residencial para mulleres de Inglaterra, debe o seu actual nome ao retirado lugar onde está emprazado e contou coa contribución económica inicial da escritora George Eliot. A súa vida colexial inspirou óperas e novelas de protagonismo feminino. A miña filla e mais eu seguimos a Carmen Blanco polo longo e verde traxecto de Cambridge a Girton, onde atopamos plena liberdade de movementos. Os seus grandes edificios de ladrillo vermello acollían polos longos corredores interesantes exposicións pictóricas, bibliográficas, documentais e fotográficas protagonizadas por mulleres, en especial sobre as primeiras profesoras e alumnas da institución. Malia a necesaria modernización funcional e tecnolóxica doutras dependencias, a vella biblioteca e o vello salón, onde por certo se expón un óleo co retrato dunha mendiga española, conservan certo encanto decimonónico.

Aínda que, para nós, o principal interese do Girton College proviña do feito de ser o lugar no que Virginia Woolf expuxo en 1928 as ideas que deron orixe ao pioneiro ensaio feminista *Un cuarto de seu*, moi pouco lembra xa aquela intervención no actual *College*, coa excepción das cadeiras que Carmen Blanco atopou nun recanto da moderna biblioteca aludindo a *Un cuarto de seu*. Nunca esquecerei aquela investigadora xornada *virginiana* na que acompañei a tan *virginianos* amores. Tamén gustei de achegarme coa mesma compañía ao Newnham College, cuberto por edras de todas as cores. Nel estudaron a poeta Sylvia Plath, a novelista Iris Murdoch, a feminista Germaine Greer e a actriz Emma Thompson.

E non menor pracer foi visitar o Lucy Cavendish College, que leva o nome dunha pioneira da educación feminina en Gran Bretaña. Encantounos transitar polas estreitas vereas e acceder aos recónditos recantos vexetais, finalmente conducentes a unha entrada presidida por unha escultura en forma de libros amoreados. Enlazando con Virginia Woolf, exhibíase na entrada do acolledor Lucy Cavendish College unha exposición sobre 'Cuartos propios', na que se reconstruíu as dependencias das estudantes dos anos sesenta, época de fundación do centro, incluíndo cama desfeita, vestiario, libros, discos, material de traballo e pósters de Bob Dylan,

Joan Baez, Donovan e a propia autora de *Un cuarto de seu*. Teatralmente, tamén formaba parte da exposición unha estudante togada en minisaia sesenteira que daba explicacións aos visitantes. Carmen Blanco interesouse moito pola exposición bibliográfica das precursoras do feminismo alí existente e, particularmente, pola primeira edición da pioneira *Vindicación dos dereitos da muller*, da súa tan admirada Mary Wollstonecraft.

Os *Colleges* do século xx teñen xa abondosa historia. Por exemplo, o Churchill College conta con varios Premios Nobel, entre eles o do seu *Fellow* nixeriano Wole Soyinka. E o Darwin College, que foi o primeiro en ser mixto, tivo como profesor honorario o pensador austríaco Karl Popper e como alumnas a zoóloga norteamericana Dian Fossey e a antropóloga británica Jane Goodall, ambas especialistas nos primates.

Boa parte dos centros máis históricos esténdese por The Backs of the Colleges, na ribeira do río Cam: St John's, Trinity, Trinity Hall, Clare, King's e Queen's, todos os cales, menos o terceiro, dispoñen de ponte, compoñendo un moi agradable conxunto verde, ideal para pasear polos apracibles xardíns ou para navegar polas tranquilas augas que os atravesan. O centro da universidade é a Casa do Senado, cuxo neoclásico edificio, construído con clara pedra de Portland, está preto da Igrexa de Santa María A Grande, de estilo gótico perpendicular. Esta igrexa anglicana é a da Universidade de Cambridge e alberga o reloxo e o órgano oficiais da mesma.

Especial importancia revisten tamén os prestixiosos Laboratorios Cavendish, pertencentes ao Departamento de Física e laureados con numerosos Premios Nobel, e a gran Biblioteca da Universidade de Cambridge, que contén millóns de obras e valiosos documentos, dende unha Biblia de Gutenberg a todo o arquivo de Darwin, pasando por manuscritos de Newton. Ademais, este centro é especialmente rico en culturas foráneas, pois custodia a enorme biblioteca imperial da Royal Commonwealth Society, a inmensa colección de documentación xudía Taylor-Schechter da Genizah do Cairo, o legado de códices orientais de E. G. Browne e a gran colección Bradshaw, consagrada a Irlanda e aos irlandeses. A súa imponente fachada de factura industrialista ten diante un curioso conxunto escultórico composto por torres de libros amoreados, algúns dos cales poden moverse, acaso porque aquí os libros teñen vida.

Tamén son fermosos os contornos dos museos científicos. Por exemplo, o Museo Sedgwick de Ciencias da Terra, con portas presididas por diplodocos e con fiestras enlazadas por mamuts, posúe unha dobre escaleira franqueada por osos e bisontes que encantou a Carmen Blanco. E o acristalado Museo Universitario de Zooloxía, case completamente visible dende o interior e que fascinou á miña filla, contén espectaculares esqueletos, en particular o dunha enorme balea decimonónica que se exhibe ao aire libre e cuxa historia se relata alí. A visión nocturna da xigantesca balea, que aparece iluminada de súpeto en medio da escuridade, produce unha sensación fantasmagórica. Preto, encóntrase o Museo Whipple de Historia da Ciencia.

Polo centro da urbe abundan os pubs e os restaurantes, moitos exóticos, dos que preferimos sen dúbida os indios (The Maharajah, Curry King), malia a que o noso hotel dispuña dun restaurante co suxestivo nome woolfiano de Bloomsburys e a que tamén nos resultara esteticamente atractivo o turco restaurante Anatolia.

A Universidade de Cambridge, que xa aparece nos *Contos de Canterbury*, de Chaucer, foi recreada polos máis variados novelistas, dende Charles Dickens a Virginia Woolf e dende as intrigas de Jill Paton Walsh ás

sátiras de Tom Sharpe. Pola súa parte, o humanista *gay* E. M. Forster, *Fellow* no King's College, situou en tal ambiente as novelas *A viaxe máis longa* e *Maurice* (levada ao cine, co mesmo título, por James Ivory). Esta última non puido publicarse en vida do autor por tratar abertamente da homosexualidade, a través da cal tenta superarse a diferenza de clases. Como galego, considero unha mágoa que non teña sido estudada con detalle a estancia do exiliado Rafael Dieste como lector na Universidade de Cambridge, onde exerceu varios cursos.

O cinema presentou a Universidade de Cambridge con moita dignidade e verosimilitude en *Carros de lume*, excelente filme de Hugh Hudson centrado no deporte, pero cunha parte universitaria protagonizada polo atleta olímpico xudeu Harold Abrahams e radicada no Gonville and Caius College. Así mesmo, *Outro país*, de Marek Kaniévski, en torno ao Trinity College, parte da obra teatral homónima de Julian Mitchell, relativa ao espía comunista Guy Burgess. Mais as actividades pro-soviéticas dos Cinco de Cambridge, grupo ao que este último pertencía, inspiraron numerosas novelas cos seus correspondentes filmes, como *O terceiro home* e *O factor humano*, de Graham Greene (amigo persoal do novelesco Kim Philby, sobre quen tamén escribiron libros de éxito as súas compañeiras), ou *O topo* e *Un espía perfecto*, de John Le Carré.

De cine e de novela, pero tamén de pintura e de fotografía, parece, dende logo, a paisaxe urbana e natural de Cambridge. De cine e de novela, pero tamén de pintura e de fotografía, paréceme así mesmo a miña estancia nela. E o mesmo, aínda que con maior dimensión universitaria e profesional, podería dicir de Oxford. Acaso por iso tiven que recorrer á poesía para expresar Oxbridge, lamentando sen lamentar non ter o tempo nin a paciencia do admirable Pepys para levar un diario de tan deliciosas visitas, porque, como escribiu Virginia Woolf, nada ocorreu ata que foi lembrado. Así que todo, finalmente, quedou nun poema, 'As cidades do tempo detido', que non por casualidade incluíu no libro precisamente titulado *Unha tempada no paraíso*:

As cidades do tempo detido

Cidades sobre agullas soñadas
polos buratos negros do céspede,
cidades que moran mornas na néboa
onde habitan nada, nunca e ninguén,
doces cidades de campus en penumbra
que se aluman con lámpadas de chuvia,
cidades pergamiño con mofo de milenios
na ponte matemática e no dinosauro libro,
na mañá de maio e na noite da lanterna,
na ponte da loucura e na escaleira azul,
na espiral do caracol e no abrazo da edra,
na ponte dos saloucos e nos saloucos da ponte.

As cidades do tempo detido
devoran os segundos cun reloxo cronófago
pola beira escura e convértenos en horas
cunha álgebra alquímica pola beira clara.
O paso ao límite e o traspaso do espello,
o círculo dos paxaros e o diario da vida,

Oxford & Cambridge:
viaxe a un poema de mil anos
Claudio Rodríguez Fer

o ritual universal das converxencias,
os arquetipos da árbore e da páxina,
a restauración da experiencia do fénix,
a teoría das augas cónicas na herba,
o sol do silencio e a lúa da lentitude,
o naufraxio nos xerundios da balea,
a curvatura do pensamento harmónico,
o son sen fin dos subfondos da música,
a fronteira dos números irracionais,
o bucle da luz nas letras do códice,
o lugar abisal dos amores en péndulo,
a biblioteca rubideira de follas vermellas,
a medieval bigornia de madeira mazada,
o modelo dos minutos sen destino,
o fósil vivente da árbore da vida,
a gárgola rindo en novecentas linguas,
a fiestra oxival sen lei da gravidade,
o remo verde do tempo que foxe,
o taveirón estrelado no tellado do dodo,
a runa entrelazada da nai e da filla,
o libro abraiado no teito da porta
aberta ao saber e á proteica poesía
sen principio nin medio nin fin.

(Campus de Oxford e Cambridge)

